

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE XULLO DE 2023

Ás 10:00 horas do día 5 de xullo de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 30 de xuño de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez (asiste aos puntos 2b, 2c, 4b e 4c)
D^a. Carmen Pintado García (asiste aos puntos 2a, 2d, 2e, 4a, 4d, 4e, 5a, 5b, 6a, 6b, 9a, 10a, 11a e 11b)

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. FORMACION Y NORMALIZACION, S.L. (Lotes 10, 11 e 12)
 2. IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lotes 10 e 12)
 3. IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lotes 3, 6, 7, 10 e 12)
 4. SARARTE, S.L. (Lotes 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8, 10, 11 e 12)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 1 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 ,11 e 12). En concreto deberá presentar:
 - Un novo Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente, no que aclare si adscribe ou non os medios establecidos no apartado 5F das FEC do PCAP.
 - Un novo DEUC, asinado dixitalmente, xa que a declaración que fai na "Parte IV: Criterios de Selección – a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección", no que indica que NON cumpre todos os criterios de selección requiridos, supón a imposibilidade de presentarse neste procedemento.
2. NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes 8, 9, 10 e 12). En concreto deberá presentar:
 - Un novo Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente, xa que o presentado carece de sinatura.
 - Un novo DEUC, asinado dixitalmente, xa que o presentado carece de sinatura.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52694-444)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. SCHINDLER, S.A.
2. ASCENSORES ENOR, S.L.
3. TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira" no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 23 de xuño de 2023, o 28 de xuño de 2023, se concedeu un prazo de tres días a PROSEMA NOROESTE, S.L. para que poidera emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto, debía aportar un novo Anexo II no que figurara o compromiso de cumprir o código ético e o plan antifraude do Concello de Vigo, tal e como figura no modelo incluído no PCAP do presente procedemento

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a PROSEMA NOROESTE, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

A secretaria informa ás membros da Mesa que, tendo en conta a cofinanciación deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT-GENERATION-EU, é necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado á "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE.

Asemade, procedese a comunicar no expediente, os datos das membros da Mesa de Contratación e dos licitadores admitidos no presente procedemento e a por á firma da primeiras a correspondente DACI segundo o modelo establecido na devandita orde.

d) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 23 de xuño de 2023, o 28 de xuño de 2023, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. CONSULTORIA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.: en concreto debía presentar un novo Anexo II debidamente cumprimentado, posto que no xa presentado non se cubrira o compromiso de adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F das FEC deste procedemento (Anexo I do PCAP).
2. GEOMATICO S COOP GALEGA: en concreto debía presentar un novo Anexo II debidamente cumprimentado posto que no xa presentado non se cubrira o compromiso de adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F das FEC deste procedemento (Anexo I do PCAP) e tampouco se cubrira o punto referente á pertenza ou non a un grupo de empresas.
3. SMARTWORLD TELECOM, S.L.: en concreto debía presentar un novo DEUC do terceiro que aporta a solvencia técnica, ESTUDIO KINTEK, S.L., asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 3 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dixitalmente polo seu representante, no que, na Parte IV "Criterios de selección", apartado C, completara a solvencia técnica aportada pola entidade xa que a proporcionada non cumpría co establecido na cláusula 8 do PCAP que indica que "Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do prezo do contrato." Ou, no seu lugar, podería indicar se se cumprían todos os criterios de selección no apartado a) "Indicación global relativa a todos os criterios de selección".

Dos anteriores licitadores, presentaron documentación en prazo os seguintes:

1. CONSULTORIA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.
2. GEOMATICO S COOP GALEGA
3. SMARTWORLD TELECOM, S.L.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- CONSULTORIA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.
- GEOMATICO S COOP GALEGA
- SMARTWORLD TELECOM, S.L.

e) Procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 23 de xuño de 2023, o 28 de xuño de 2023, se concedeu un prazo de tres días a NOSO PLANS E PROXECTOS, S.COOP.GALEGA para que emendasen a documentación persoal. En concreto, debía presentar un novo DEUC do terceiro GEOMATICA Y TOPOGRAFÍA PONTEVEDRA, S.L. para que emendara o apartado C "Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades", en concreto a pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?", xa que un terceiro que aporta solvencia ao licitador non pode basear a súa capacidade nun terceiro.

O devandito licitador presentou documentación en prazo e logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a NOSO PLANS E



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 4 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



PROXECTOS, S.COOP.GALEGA por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

Retírase da orde do día por concederlle prazo aos licitadores sinalados no punto 2a para emendar documentación.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52694-444)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1632-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lembra ás membros da Mesa que, tendo en conta a cofinanciación deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT-GENERATION-EU, foi necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado á "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE.

Asemade, procedeuse a comunicar no expediente, os datos das membros da Mesa de Contratación e dos licitadores admitidos no presente procedemento e a por á firma da primeiras a correspondente DACI segundo o modelo establecido na devandita orde.

A secretaria informa que o informe de análise ex ante da ferramenta MINERVA, de data 30 de xuño de 2023, pon de manifesto que "Se ha realizado el análisis de riesgos de las 24 posibles parejas decisor-potencial beneficiario, siendo el resultado el siguiente: 24 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes) 0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas). Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras). Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde".

Asemade, a secretaria informa á Mesa que, recibida dilixencia de data 5 de xullo de 2023,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 5 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

asinada polo xefe da Área de Inversións e o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, coa comunicación dos datos dos/as técnicos/as que levarán a cabo a valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, procedese a dar traslado dos mesmos, mediante a oportuna comunicación no expediente, á "Responsable de operación", para proceder, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, á correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE.

En vista do anterior, procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeis mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédeuse á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeis mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

e) Procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédeuse á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeis mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 6 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase os seguintes informes de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor":

1. Informe de valoración do lote I asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 27 de xuño de 2023.
2. Informe de valoración do lote II asinado polo asesor xurídico adxunto á Área de Benestar Social e o xefe da Área de Benestar Social o 30 de xuño de 2023.
3. Informe de valoración do lote III asinado pola xefe de Servizo de Benestar Social o 30 de xuño de 2023.

Os informes son aceptados por unanimidade dos membros da Mesa e acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 26 de xuño de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" e o informe que corrixe o anterior por un erro aritmético producido no mesmo, de data 5 de xullo de 2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e no que se indica que "O licitador INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L. (ICSEM): No apartado 1.3 adicado á Metodoloxía organizativa para a xestión do plan, describen na páxina 6 os medios persoais indicando explicitamente que "Tanto o coordinador coma os técnicos das diferentes áreas teñen a titulación e contan con máis de 6 anos de experiencia". De acordo co anterior incluírase información obxecto de valoración segundo os criterios avaliables mediante fórmula do apartado 7.B.2 das FEC do PCAP sobre os CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA, no que se valorará con 4 puntos a experiencia do persoal para adscribir ao contrato a maiores do mínimo esixido no apartado 5F desta FEC (coordinador/a: 4 anos; persoal técnico: 2 anos), relacionada co asesoramento empresarial e o fomento do emprendemento, ata o límite de 20 puntos. A OBSERVACIÓN referida reflicte unha proposta na que o licitador non emprega expresións de cantidades aproximadas ou estimadas ("mínimo de...", "cando menos...") senón que reflicte de xeito inequívoco, de forma concisa e concreta a referida cantidade, o que podería supoñer que desvelan o segredo da oferta relativa aos CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA, contravindo o esixido na CLÁUSULA 15.3 do PCAP segundo a cal as proposicións serán secretas."

A Mesa acepta, por unanimidade, este segundo informe e acorda excluír ao INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L. (ICSEM) polo motivo previsto na cláusula 14.2.B do PCAP ("A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC") tendo en conta que existen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 7 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

terceiros interesados neste procedemento (resolución nº 396/2019, do 23 de maio, - recurso 574/2019- do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais).

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248390-301)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

LOTE 1

	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar ao prezo unitario fixado no apartado 3.G desta FEC	Plan de valoración da calidade do servizo		
			Enquisas sobre a formación impartida ó remate de cada módulo	Enquisas sobre as titorías realizadas	Enquisas sobre as prácticas profesionais realizadas
1	CENTRO DE FORMACIÓN ICA SL	49,00 %	SI	SI	SI
2	forGA	44,46 %	SI	SI	SI
3	G12 Grupo Empresarial de Servicios S.L.	38,25 %	SI	SI	SI
4	Magnafor Qualitas, S.L.	48,00 %	SI	SI	SI
5	NORFORMACIÓN S.L. (ute)	22,31 %	SI		

LOTE 2

	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar ao prezo unitario fixado no apartado 3.G das FEC	Plan de valoración da calidade do servizo
1	ADECCO FORMACION S.A.U.	23,10 %	SI



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar ao prezo unitario fixado no apartado 3.G das FEC	Plan de valoración da calidade do servizo
2	FOROX INNOVACION S.L.	19,50 %	SI
3	FUNDACION ESPLAI CIUDADANIA COMPROMETIDA	5,00 %	SI
4	G12 Grupo Empresarial de Servicios S.L.	26,88 %	SI
5	NT for Learning, S.L.	44,90 %	SI

LOTE 3

	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar ao prezo unitario fixado no apartado 3.G das FEC	Plan de valoración da calidade do servizo
1	ADECCO FORMACION S.A.U.	15,10 %	SI
2	Flexiplan S.A. Empresa de Trabajo Temporal	25,00 %	SI
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	25,00 %	SI
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	8,334 %	SI
5	FOROX INNOVACION S.L.	16,20 %	SI
6	G12 Grupo Empresarial de Servicios S.L.	15,00 %	SI
7	NORFORMACIÓN S.L.	30,00 %	SI
8	NT for Learning, S.L.	29,5 %	SI

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste público á apertura:

- D^a. Paula Cerqueira Mallo, en representación da empresa FOROX INNOVACIÓN, S.L. (Lotes 2 e 3)
- D^a. Isabel Vázquez Rodríguez, en representación de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. (Lote 3)

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19881-77)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato	Experiencia do persoal para adscribir ao contrato, a maiores do mínimo esixido no apartado 5F desta FEC
1	Ampplio Gestión Empresarial, SL	252.248,47 €	Coordinador/a: 6 anos Técnico/a 1: 6 anos Técnico/a 2: 6 anos Técnico/a 3: 6 anos Técnico/a 4: 6 anos
2	Inovalabs Digital S.L.	210.394,00 €	Coordinador/a: 8 anos Técnico/a 1: 6,5 anos Técnico/a 2: 6,5 anos Técnico/a 3: 6,5 anos Técnico/a 4: 6,5 anos
3	KPMG Asesores, S.L.	288.000,00 €	Coordinador/a: 6 anos Técnico/a 1: 6 anos Técnico/a 2: 6 anos Técnico/a 3: 6 anos Técnico/a 4: 6 anos
4	UTE VIGOEMPRENDE (DPI-CASARES)	241.956,00 €	Coordinadora: M ^a ISABEL ÁLVAREZ VÁZQUEZ - 4 (mín.) + 21 anos Técnico 1: PABLO LAGO ALMEIDA - 2 (mín.) + 16 anos Técnico 2: OSCAR SOLIÑO CARRERA - 2 (mín.) + 4 anos Técnica 3: VERONICA RIAL SILVA - 2 (mín.) + 6 anos Técnica 4: ROCIO MACEIRA ESTEVEZ - 2 (mín.) + 11 anos Técnico 5: GUSTAVO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 10 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Licitador	Redución do prezo do contrato	Experiencia do persoal para adscribir ao contrato, a maiores do mínimo esixido no apartado 5F desta FEC
		GARCIA PRESEDO – 10 anos Técnica 6: VICTORIA BARRERAS COLLAZO – 24 anos Técnico 7: FERNANDO ALVAREZ MONTALVO – 15 anos Técnico 8: DAVID SAA MARTINEZ – 12 anos Técnico 9: FRANCISCO JAVIER ALVAREZ FORTES – 33 anos Técnica 10: RAQUEL DIAZ AGUETE – 8 anos Técnica 11: CRISTINA CARRERA LAGO – 6 anos Técnica 12: SARA PINTOS PAZOS – 5 anos Técnica 13: FÁTIMA RODRIGUEZ DELGADO – 4 anos Técnica 14: CARMEN SURIS ADELLAC – 4 anos

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP, agás KPMG ASESORES, S.L. que presenta dúas veces o mesmo modelo de oferta.

Asiste como público á apertura:

- D^a. Marta Giménez Domínguez, en representación de KPMG ASESORES, S.L.
- D^a. Ana Belén Costas Rodríguez, en representación de UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. E CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.
- D^a. Verónica Rial Silva, en representación de UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. E CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.
- D^a Alba Valdés Rodríguez, en representación de INOVALABS DIGITAL, S.L.
- D^a Sonia Dominguez Taboada DNI 36136776-G en representación de ICSEM, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 11 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Conceder un prazo de 3 días a KPMG ASESORES, S.L. para que presente o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- e na cláusula 14.2.C) do PCAP.
2. Solicitar informe sobre as proposicións avaliadas a través de fórmula ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1494-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Inversións e o xefe administrativo e de control orzamentario o 30 de xuño de 2023 de valoración do sobre C "proposición *avaliada mediante fórmula*" coa proposta de clasificación e o informe asinado polo xefe da Área de Inversións e o xefe administrativo e de control orzamentario o 4 de xullo de 2023 que corrixe o anterior por existir un error de transcripción nas ofertas dos licitadores no primeiro. Este segundo informe é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa e acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1494-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1494-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Empresas licitadoras	Puntuación TOTAL
1º	CIVISGLOBAL, S.L.U.	95,31
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. - NATURGALIA S.L.	94,77
3º	ORECO BALGON, S.A.	94,38



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 12 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto consonte ao disposto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato que contén o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 14 de marzo de 2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 13 de abril de 2023.

Segundo.- Aprobar el gasto por importe de 23.173,92 € co ive engadido, sendo o importe correspondente ao Ive 21% de 4.021,92 € que se tramitará con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2023 e 2024, o a súa bolsa de vinculación.

De acordo as seguintes anualidades:

- *Primeira e única anualidade: Do 1 de xuño de 2023 ao 31 de maio de 2024. Ano 2023: 13.518,12 € e ano 2024: 9.655,80 €*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 13 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *Primeira prórroga: Do 1 de xuño de 2024 ao 31 de maio de 2025. Ano 2024: 13.518,12 €; Ano 2025: 9.655,80 €*
 - *Segunda prórroga: Do 1 de xuño de 2025 ao 31 de maio de 2026. Ano 2025: 13.518,12 €; Ano 2026: 9.655,80 €*
 - *Terceira prórroga: Do 1 de xuño de 2026 ao 31 de maio de 2027. Ano 2026: 13.518,12 € ; Ano 2027: 9.655,80 €*
- Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EUROPA PRESS DELEGACIONES SA	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EUROPA PRESS DELEGACIONES SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EUROPA PRESS DELEGACIONES SA, o día 21 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida o 29 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de xullo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 14 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EUROPA PRESS DELEGACIONES SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EUROPA PRESS DELEGACIONES SA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de data 29 de maio de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 9 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliábeil a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. o procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 19.151,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.323,88 euros.
- b) Propón un incremento do fluxo informativo mínimo esixido na cláusula II.1 do prego de prescrición técnicas particulares:
 - o Nivel nacional 200 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (400 noticias).
 - o Nivel internacional 100 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (100 noticias).
 - o Nivel autonómico 40 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (40 noticias).
 - o Nivel local 10 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (20 noticias).
- c) Propón un servizo de información de noticias e alertas en lingua galega.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 15 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación da adquisición de equipos informáticos para usuario (ordenadores, monitores, portátiles e modelos todo en un), no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 22/02/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 22/02/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 03/03/2023 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/03/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 03/04/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Memoria económica do contrato de data 04/04/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica e polo xefe da área de Benestar Social co



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 16 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conforme das Concelleiras delegadas de Política Social e de Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 04/04/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da Xefa do servizo de Contratación de data 05/04/2023.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 24/04/2023, co conforme da Xefa do servizo de Contratación da mesma data.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 155.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 26.900,83 €, dende o 1 de xuño de 2023 (ata 31/12/2023), segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/ Proxecto	Base	IVE	Total
2023	EQUIPOS INFORMÁTICOS	9207. 6260000/ 23920703	103,305.78 €	21.694,22 €	125,000.00 €
2023	EQUIPOS INFORMÁTICOS	2310.626000 0/ 21231014	24,793.39 €	5.206,61 €	30,000.00 €
Total			128,099.17 €	26.900,83 €	155,000.00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntos totais da oferta
1	HERBECON SYSTEMS, S.L.	64.04
2	MARKA INFORMÁTICA, S.L.	58.04

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, HERBECON SYSTEMS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, HERBECON SYSTEMS, S.L., o día 23 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida o 27 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xullo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar HERBECON SYSTEMS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por HERBECON SYSTEMS, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 7 de xuño de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 18 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguinte acordo:

“Adxudicar a HERBECON SYSTEMS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 155.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.900,83 euros.
- b) Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo A: 14 %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo B: 9 %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores: 8 %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles: 9 %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos ordenadores todo en uno (“All in one”): 23 %
- c) Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:
 - Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo A:
 - Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 4,164, sendo o valor do procesador base de referencia de 3000. (i7-13700).
 - Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo B:
 - Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,739, sendo o valor do procesador base de referencia de 2400. (i3-13100).
 - Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de entre 120 GB e 575 GB.
 - Melloras técnicas dos monitores: Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms).
 - Melloras técnicas dos portátiles:
 - Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,306, sendo o valor do procesador base de referencia de 2400. (i5-1235U).
 - Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes): Memoria RAM de 16 GB.
 - Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes): Disco Duro máis de 256 GB ata 512 GB.
 - Melloras técnicas dos ordenadores “All in one”:
 - Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,402, sendo o valor do procesador base de referencia de 2700. (i3-1215U)
 - Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes): Memoria RAM de 16 GB.
 - Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes): Disco Duro máis de 512 GB ata 1TB ou máis.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 15:15 horas, tras un receso. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:11	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA448-C5D8DF-833BCA-2BMDRL-GGU1J8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		